



INSTRUCCIÓN 4/2017, DO 15 DE MAIO, DA SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES PARA INICIAR O PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN DO RENDEMENTO DAS AGRUPACIÓNS ESTRATÉXICAS CONSTITUÍDAS AO ABEIRO DAS AXUDAS PARA A CREACIÓN, RECOÑECIMENTO E ESTRUTURACIÓN DE AGRUPACIÓNS ESTRATÉXICAS NO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA, CONVOCADAS NO 2015.

A Orde do 26 de xuño de 2015 (DOG número 127, do 8 de xullo de 2015), establece as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a creación, recoñecemento e estruturación de agrupacíóns estratéxicas do Sistema universitario de Galicia e procede á súa convocatoria para o exercicio 2015. O artigo 14 da citada orde está dedicado a establecer os mecanismos de control e de avaliación do rendemento das axudas, centrados fundamentalmente na análise dos seus plan estratéxicos e dos indicadores definidos nas propostas. O propio artigo 14 indica que, para regular a avaliación, a Secretaría Xeral de Universidades poderá ditar unha instrucción se o estima oportuno.

De acordo co Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, correspondelle á Secretaría Xeral de Universidades contribuír á ordenación e á complementariedade das capacidades investigadoras do SUG, seguindo criterios de excelencia e consolidación no ámbito dos obxectivos que estableza o Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica.

En consecuencia, no uso das competencias que teño atribuídas como secretario xeral de Universidades, dito a seguinte instrución:

1. Iniciar o procedemento que permita a avaliación do rendemento das agrupacíóns estratéxicas financiadas con cargo ás axudas reguladas pola Orde do 26 de xuño de 2015 para a creación, recoñecemento e estruturación de agrupacíóns estratéxicas do Sistema universitario de Galicia , de acordo co establecido no seu artigo 14.
- 2.- A avaliación levarase a cabo (baixo os principios xerais de obxectividade, independencia e calidade das avaliacións) por expertos de fóra do SUG, a partir da documentación xa facilitada polas universidades beneficiarias das axudas ao longo do proceso e de acordo coa documentación e criterios que se sinalan nos puntos 4 e 5 desta instrución.
3. Requirirles ás universidades beneficiarias a nova documentación necesaria para a avaliación de ter superado con aproveitamento o programa, na que se reflectirán os datos necesarios para avaliar o rendemento das agrupacíóns. Esta documentación, dirixida á Secretaría Xeral de Universidades, presentarase no Rrexistro Único da Xunta de Galicia, ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Se no uso deste dereito a solicitude é remitida por correo, presentarase en sobre aberto, para que sexa datada e selada polo persoal de Correos antes de que proceda á súa certificación. A documentación terá que remitirse antes do 10 de xuño.
4. Toda a documentación presentarase en soporte CD, memoria USB ou similar, formatos pdf e de folla de cálculo e comprenderá os seguintes documentos (cada documento presentarase de maneira desagregada):
  - 4.1.- Complemento/actualización do plan estratéxico, para salvar o desfase de seis meses desde a entrega do primeiro documento, dado que algunas agrupacíóns introduciron cambios desde entón. Este documento poderá tamén conter aclaracións sobre a visión, unha maior especificación da



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral de Universidades

galicia

misión, así como da contribución das funcións de cada grupo ou compoñente á agrupación e dos avances realizados.

4.2.- Cadro de indicadores (coa mesma estrutura que o presentado na memoria inicial) actualizado con data do 1 de maio de 2017.

4.3.- Resumo executivo: breve documento no que as agrupacións definirán a evolución do seu proxecto, os avances, as dificultades detectadas, o funcionamento das súas estruturas de gobernanza, así como o seu estado actual e perspectivas de execución do proxecto presentado. O documento deberá identificar cando menos os 5 logros más relevantes no proceso de avance de colaboración e integración estratéxica. Adicionalmente identifíquense as 10 contribucións científicas más destacadas realizadas pola Agrupación dende a concesión.

4.4.- Informe económico da actividade realizada: documento no que as agrupacións describirán a utilización que se lle deu aos recursos adxudicados e xa empregados ata a data (incluirán cantidades desagregadas nunha folla de cálculo).

5. O baremo que se empregará no proceso de avaliación será o seguinte:

Avaliación da calidade e viabilidade do plan estratéxico presentado e do seu complemento (50 puntos).

Avaliación dos avances na integración estratéxica, así como dos resultados obtidos pola agrupación ata o 1 de maio de 2017 (30 puntos).

Avaliación da utilización ata a data dos fondos recibidos e dos seus efectos no aumento da colaboración interna dos integrantes da agrupación (10 puntos).

Valoración de conxunto sobre os avances na agrupación estratéxica e sobre a súa viabilidade e relevancia (10 puntos).

6. Considerarase superada a avaliação cando a proposta obteña, cando menos, 50 puntos. Unha puntuación menor a 50 puntos, en función das causas que a teñan motivado segundo os avaliadores externos, poderá determinar a obriga da devolución parcial ou total dos fondos, de acordo co previsto no artigo 3 da Orde de convocatoria.

A obtención entre 50 e 69 puntos suporá que a agrupación terminará de recibir os recursos outorgados na adxudicación inicial.

As agrupacións que obteñan 70 ou máis puntos poderán optar a acceder a un financiamento complementario mediante convenio, na contía e duración que se determine no seu momento, sempre que as dispoñibilidades orzamentarias o permitan.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2017

O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díez de Castro